horta.qxd 24/7/09 13:24 Página 1

Distribución das variedades froiteiras na 1ª fase (2009)



- Cerdeiras
- Pereiras
- Ameixeiras
- Pexegueiros
- Maciñeiras

Ano 2009

Información sobre a Horta e o Proxecto de recuperación da froita autóctona de San Sadurniño:

San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Concello de San Sadurniño
Avda. Marqués de Figueroa
Tlf. 981490027
correo@sansadurnino.dicoruna.es

AGFA do Eume

Asociación Galega de Froitas Autóctonas do Eume
Lugar As Pedridas, nº 18, Campolongo
Pontedeume C.P. 15 614
Tlf. 639 421 421

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

medio rural

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

FEADER:
Europa inviste no rural

agader
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

Fundación Biodiversidad

San Sadurniño
www.sansadurnino.es

AGFA do Eume

Horta de conservación de froitas autóctonas

A Cortiña - San Sadurniño

horta.qxd 24/7/09 13:24 Página 2

A Asociación Galega de Froitas Autóctonas do Eume (AGFA) vén traballando arreo na recuperación e difusión das variedades frutícolas comarcais, que están en serio perigo de desaparición, por mor da entrada doutras variedades foráneas, e sobre todo polo abandono xeneralizado das tarefas agrícolas.

O Concello de San Sadurniño coincide nestas análises e considera fundamental para o desenvolvemento dos espazos rurais a recuperación das actividades agrarias, e nomeadamente das variedades autóctonas, pois son un valioso patrimonio que cómpre preservar e pór en valor.

Por todo isto o 22 de outubro do 2008 asinou un convenio de colaboración coa AGFA do Eume polo cal o Concello poñía á súa disposición unha parcela dunha hectárea para poderen realizar unha horta na que se planten as variedades de froiteiras da comarca. A parcela está na finca da Cortiña, ó carón do Arboreto Galego e do río Grande de Xubia, e moi preto do Pazo da Marquesa e dos seus xardíns.

O 13 de marzo de 2009, grazas á colaboración da Xunta de Galicia, fíxose a primeira plantación de 250 pés de maceiras, pereiras, pexegueiros, cerdeiras e ameixeiras. Está previsto que en 2010 se planten outros tantos pés, ata cubrir practicamente a totalidade da superficie da finca.

Unha vez estea funcionando, a produción da Horta distribuirase para difundir as cualidades da nosa froita, e ademais poderanse obter enxertos para espallar e recuperar estas variedades, en serio perigo de desaparición.

A Horta de conservación tamén conta cun pequeno centro de interpretación e información onde se divulga e se forma no coñecemento e a valorización social destas castes froiteiras.

Nomes dos tipos e variedades de froiteiras das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal

Cerdeiras

Albariñas
Ambroesas
Brancas de Anca
Cerdeirido
Da Cortiña
De pico
De viño
Do rabo curto
Feras
Guinda Pazo da Marquesa
Guindas de Ombre
Molariñas de Pielas
Negras de Fene
Negras do S. Cristovo
Oveiras
Senra
Tío Pepe de García

Ameixeiras

Bolsa de auga
Claudia de Arillo
Claudia de Setembro
Claudia francesa
Claudia país branca
Claudia país negra
Collón de frade negro
Collón de frade roxo
Collón de frade verde
Xaponés de S. Xoán

Pexegueiros,

Pexego Maniños

Pereiras

Amarelas de agosto
Bergamotas da Faeira
Bergamotas de Redes
Campá de Xermade
De collón
Do Santiago
De zoncho
Manteiga
Manteiga de Galicia
Manteiga de Inverno
Manteiga de ouro
Manteiga redonda
Manteiga verde
Mazafresa
Millarengas
Negras
Pardas
Peras Primas
Perucos Migalleiros
Pinguela
Rabuda de cedo
San Xoán
Urraca roxa
Urraca verde
Vilasuso de tarde

Maciñeiras

Arraiadas
Bismarck
Branca cerosa-69
Brancas
Coiro de sapo
De cera
De cera de Toutelo
De Ferreira de Arriba
De inverno-Os Carballás
De inverno-Suaserra
De pebida
De pedra doce
De sandía roxa
De setembro
Do Couce-1
Do Couce-2
Do cura
Do muíño
Doces amarelas
Doces roxas
Do Santiago
Dulceriñas
Duraza da Faeira
Fatonas
Formariz
Grande Plana Estriada-71
Mazá de ladrón
Morenas
Ollo Mouro
Pero de canela
Pero Mingán
Peros-Suaserra
Príncipe(do Río Vello)
Príncipe grande-96
Príncipe Suaserra
Reineta
Reineta de gardar
Reineta raiada
Repinaldo de cedo
Repinaldo de Monfero
Repinaldo roxo
Roxelia
San Isidro
San Ramón
San Xoán branca
San Xoán roxa
Sangue de touro-72
Sangue de touro
Tabardilla-I
Tabardilla-II
Tabardilla branca
Tabardilla roxa
Tres en cunca-19
Tres en cunca-Anca
Tres en cunca-Naraío
Tres en cunca tardía
Tres en rama